



8 DE MARZO

DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Propostas para traballar na
Ed. Primaria
"Análise de imaxes"

A Televisión é un medio que acostumamos ver bastantes horas semanais, sexa sós, sexa con máis xente. Dentro de calquera programación, os anuncios son imaxes que se repiten e que sempre levan unha mensaxe. Son rechamantes, feitos con efectos especiais e moi agradábeis á vista, porque o seu principal obxectivo é conseguir que se consuma o produto que anuncia. Así, van quedando no inconsciente, de maneira que se absorben como algo natural.

É certo que os anuncios mudaron co paso do tempo e agora teñen en conta algunhas cousas que hai anos nin se pensaba nelas. Cóidanse os detalles, pero aínda sucede que se recorre a estereotipos ou a lugares comúns, sobre todo cando se trata de mulleres. Hai unha alta porcentaxe de anuncios dirixidos á beleza, á limpeza (nos que ten que vir Don Limpo ou o mordomo do algodón para dicirlle ás mulleres como limpar), ao culto do corpo. Pero eles parece que non limpan nunca e sobre todo as mamas seguen fregando, porque hai un anuncio que parece ser que as libera só a elas de fregar. Algúns anuncios institucionais teñen moi en conta o tratamento igualitario e a dignidade como persoas, tanto para mulleres, homes, nenas e nenos, aínda que non todos.

Por suposto que este tipo de actividade se pode facer tamén con anuncios en papel, en valados publicitarios ou con imaxes tiradas dalgún libro de texto, aínda que algúns seguen a ter imaxes ou conceptos sexistas.

OBXECTIVOS

1. Traballar coas nenas e nenos no concepto de igualdade desde a casa, a escola e a sociedade.
2. Reforzar a idea de igualdade que teñen as nenas e nenos desta etapa educativa.
3. Analizar imaxes dun modo crítico, e o tratamento destas imaxes en relación co estereotipo das mulleres.
4. Observar o papel da muller na familia, na sociedade.
5. Analizar o tratamento desigual da muller na imaxe.
6. Desenvolver a capacidade de observación na linguaxe visual.
7. Comparar os roles das mulleres cos dos homes.
8. Darlles a nenas e nenos recursos para desenvolveren a igualdade entre sexos.

Estratexias para o desenvolvemento da unidade

1. Preparar unha cinta ou un DVD na que se graven tres anuncios dos que se están a pór na tele diariamente, e deixar un pouco de espazo entre cada un, para que non se poidan ver os tres seguidos.

2. Preparar preguntas ou comentarios sobre o anuncio, que motiven a todas e todos a participar.

Os anuncios:

- O primeiro adicado ás tarefas do fogar. Pode ser calquera dos anuncios de produtos de limpeza: *Don Limpo, Wipp Express* (sería no que actualmente se ve un neno lanzándose a pillar un coche coa conseguinte laxeira da roupa. De seguida hai unha señora que lle di que a súa mamá terá que fregar, ao que o neno responde coa frase "a miña mamá non frega")
- O segundo: adicado ao aspecto físico. Pode ser calquera dos que se fan sobre o aspecto físico das mulleres (*Corporación dermoestética, Diadarmine, Fitness chocolate, Desnatados de vitalínea, Special K, Naturlínea*) para manter a liña, sobre todo un deles no que sae unha xiringa ao lado dunha cara dicindo: "¿Cirurxía? Non"
- O terceiro: un produto consumido por todos e a ser posíbel que non saian persoas. (Pode ser no que se ve un vaso de auga con aceite no que se vai botando auga ata que o aceite se sae do vaso, e a frase é "auga para desbotar do corpo a graxa que nos sobra")

É importante que non vexan os tres anuncios xuntos, senón que atendan a un deles primeiro e que falen del, despois visiónase unha segunda vez para ver todo o que esqueceramos. E así cos outros dous.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

1. CO GRUPO CLASE VISIONAMOS O PRIMEIRO ANUNCIO

Realízase unha reflexión sobre o que vimos de ver facendo preguntas:

- a. ¿Quen aparece no anuncio?
 - b. ¿Que din?
 - c. ¿Onde se desenvolve?
 - d. ¿Que queren que merquemos?
 - e. ¿Cal é a frase máis importante que se di?
 - f. ¿A quen se lle di o que ten que facer?
 - g. ¿Por que ten que ser a nai a que fregue (Se o anuncio é ese)
 - h. ¿Quen limpa na casa?
 - i. ¿Por que o fai sempre esa persoa?
 - j. ¿Deberíase compartir ese traballo?
 - k. ¿Poderíanse facer anuncios en que se vise que todas e todos comparten as tarefas da casa?
 - l. ¿Coñeces algún anuncio así?
2. VISIONAMOS O SEGUNDO ANUNCIO
Faise a reflexión con axuda de preguntas.
 3. VISIONAMOS O TERCEIRO ANUNCIO
Faise a reflexión igual que o primeiro e o segundo.

ACTIVIDADES

As actividades que desenvolvan nenas e os nenos é mellor sempre que as elaboren para reforzar a idea positiva de igualdade . Nunca lles daremos unha imaxe, (para colorear, recortar ou manipular), que conteña o estereotipo que desexamos eliminar da nosa sociedade.

- ❖ Comentar e criticar en grupo tirando conclusións que se teñan apuntadas.
- ❖ En equipos, tentar facer un anuncio no que a igualdade entre nenas e nenos sexa o obxectivo. Pensar nun produto por cada equipo.
- ❖ Tentar representalo ou debuxalo ou lelo como se fose na radio.

A MODO DE REFLEXIÓN

Crear un bo anuncio é moi difícil e requírense anos de estudos e experiencia para o realizar. Pero é unha boa práctica pola nosa parte tentar facer algo que modifique o que está mal feito, aínda que sexa por persoas que estudaron moito para conseguilo. Seguramente que non o fixeron en Igualdade.